



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2018**

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Frades, a 14 de Decembro de dous mil dezaoto, sendo as 14.00 horas, reúnenos os membros da Corporación ao obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Baixo a presidencia de D. Roberto Rey Martínez, asisten os Concelleiros D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Angeles Alvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Ramón Garabato Boga, D. Oscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Jesus Francos Sanchez, Don José María Perez Lagos, D<sup>a</sup> Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo.

Asiste a Secretaria do Concello, D<sup>a</sup> María Chao Carballeira.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno, a Presidencia declara aberta a sesión, procedéndose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (PLENO 14 DE SETEMBRO DE 2018).-**

Recibida polos membros da Corporación, a copia do borrador da acta da sesión referenciada, polo Sr. Presidente ao abeiro do artigo 91.1 do RD 2568/1989, de 28 de novembro, pregúntase se algún membro formula algunha observación á mesma.

**Sométese a votación a aprobación da acta de pleno referida, que é APROBADA, cos votos favorables de tódolos membros presentes, salvo o Grupo BNG que se abstén na votación,**

#### **PUNTO SEGUNDO.- DACION EN CONTA DE DECRETOS.-**

O Sr. Alcalde da conta dos decretos de Alcaldía dende a última sesión plenaria

#### **PUNTO TERCEIRO.-PROPOSTA DE ALCALDIA POS+2019.-**

O Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:



# Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléf: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

## PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 14/12/18 SOBRE APROBACIÓN DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019).

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos POS +2019).

Redactados en decembro de 2018 polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Blanco Ferreiro Colexiado nº 22.992 os seguintes proxectos:

### POS + 2019:

“Camiño da Igrexa a Reboredo (Vitre) e outros”. Orzamento: 99.057,16 euros IVE incluído.

### PLAN COMPLEMENTARIO:

“Camiño de Fontelo a Igrexa (Aiazo) e outros”. Orzamento: 136.937,47 euros IVE incluído.

Vistos os informes técnicos que constan no expediente.

### **Propoño que o Pleno acorde:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

### **A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

### **B) Financiamento de gastos correntes:**

Deputación



# Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

<i>Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes</i>	217.464,82
<i>Subtotal gasto corrente</i>	217.464,82

## C) Financiamento de investimentos:

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2019</i>			

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2018</b> <i>(Investimentos financeiramente sostibiles)</i>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>"Camiño da Igrexa a Reboredo (Vitre) e outros"</i>	99.057,16	0,00	99.057,16
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2018</i>			

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Préstamo Deputación</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</i>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

## D) Redución de débeda con entidades financeiras:

<i>Entidade financeira</i>	<i>Número/código do préstamo</i>	<i>do</i>	<i>Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda</i>



# Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

## E) Resumo:

<b>SUBTOTALS</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2018</b>			
	<b>Achega 2019</b>			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2019</b>	217.464,82		
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>			
	<b>Achega 2018</b>			
	<b>Préstamo 2019</b>			
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2019</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>			
	<b>Achega 2018</b>			
	<b>Préstamo 2019</b>			
	<b>TOTAL</b>			

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Camiño de Fontelo a Igrexa (Aiazo) e outros	136.937,47



## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

<b>TOTAIS</b>	

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

9.- Aprobar o Anexo IX relativo a non división en Lotes do investimento incluído no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2019".

Consta informe emitido pola Arquitecta municipal o 14 de decembro de 2018 que a continuación se transcribe:

### INFORME DOS SERVICIOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

EXPEDIENTE: **PLAN ÚNICO DE CONCELLOS "POS+ 2019"**

Mónica García Souge, en calidade de Arquitecto Municipal do Concello de Frades, en A Coruña e en relación coas obras para as subvencións da Deputación do Plan único de concellos "POS+2019",

### INFORMO:

1. As obras do proxecto de CAMIÑO DA IGREXA A REBOREDO (VITRE) E OUTROS levaranse a cabo en terreos de titularidade municipal polo tanto os terreos están dispoñibles para a execución das obras.





## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

2. As obras do proxecto de CAMIÑO DE FONTELO Á IGREXA (AIAZO) E OUTROS levaranse a cabo en terreos de titularidade municipal polo tanto os terreos están dispoñibles para a execución das obras.

O Sr. Alcalde expón que non entendemos por qué o orzamento medra 4,6 millóns de euros e hai menos diñeiro para POS 2019, polo que os Concellos do PP nos queixamos ante a Deputación. Por terceiro ano consecutivo o concello non solicita o PAI ( Préstamo Povincial). Expón o contido dos dous proxectos redactados pola empresa Estudio Técnico Gallego S.A. (Pablo Blanco Ferreiro, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos).

O proxecto “Camiño da Igrexa a Reboredo (Vitre) e outros” abarca cinco camiños do municipio: camiño dende a igrexa a Reboredo (Vitre), na AC-524 ata o camiño Ar (Abellá), os Canedos a Igrexa (Mesos), camiño do mesón Ponte Carreira a DP-3802 (Gafoi) e camiño a Ulló (Céltigos). Serán obras de ordenación de pistas, reparacions de fochancas e realización de sobrecargas nestas vías.

En canto ao Plan Complementario, o Concello de Frades presenta o proxecto “Camiño de Fontelo a Igrexa (Aiazo) e outros” para 8 camiños: de Fontelo a igrexa (Aiazo), Corredoiras (Moar), de Chousa a Reboredo (Galegos), camiño a Quintá (Papucín), camiño a San Paio (Añá), camiño a Recea (Ledoira), camiño ao Alto (Gafoi) e camiño a Galtar (Aiazo). Son traballos de mellora da capa de rodaxe con tratamento asfáltico, reparación previa de baches e limpeza de gavias e salvagabias.

O Sr. Alcalde lamenta que con estas cifras o Concello de Frades recibirá da Deputación 148.789 euros menos ca en 2018.

O voceiro do BNG, Xosé María Pérez, di que non oi u ao Alcalde queixarse dos POS do goberno do PP nos que houbo recortes. Asimesmo, compara as cantidades do POS nos anos gobernados polo PP (2013 e 2014) e os gobernados polo BNG (2016-2017), salientando que nos anos do PP a cantidade para plans provinciais foi 64.492.783 euros, a de subvencións en concorrencia foi de 23.085.130,05 a de subvencións nominativas 91.577.913,44 e a rede cultural 1.389.107,92 euros. Nos anos do BNG, a cantidade para plans provinciais foi 155.468.302 euros, a de subvencións en concorrencia foi de 30.401.152,19, a de subvencións nominativas 14.153.684,23 e a rede cultural 2.317.572,55 euros. O Alcalde queixouse moitas veces da subvencións nominativas, a dedo, en 2013 e 2014, que algunhas a dedo hainas. Ojalá a Frades lle pasara coma ao Concello de Ames, no que o Alcalde perdeu as eleccións.



## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686 - **FRADES** (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

O Alcalde resposta que non vai entrar nese debate e dille ao voceiro do BNG que se vaia a ver o que se está executando en Santiso, Oroso ou Carballo, e que revise os datos, recordándolle que aos municipios do PSOE e BNG a Deputación concedeulle o 80% do diñeiro entre 2015 e 2019, o orzamento da Deputación vai para os Concellos do PSOE e BNG, a Oroso déronlle 500.000 euros para un campo de fútbol. Nalgúns Concellos do PSOE ou BNG fan sendeiros en tódalas estradas provinciais e aquí demoran a licitación de algo tan necesario como as rúas de Ponte Carreira. Chamo a Deputación tódolos días. Non se destina o POS a préstamos para que o Concello non incumpra a estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, sendo a día de hoxe un Concello con débeda cero.

**Sométese a votación a proposta da Alcaldía, que é APROBADA, cos votos favorables de tódolos Concelleiros presentes, salvo o Grupo BNG que se abstén na votación.**

### **PUNTO CUARTO.-APROBACION DE PLAN NORMATIVO 2019.-**

O Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

#### ***PROPOSTA SOBRE O PLAN NORMATIVO MUNICIPAL PARA O ANO 2019***

*Segundo o artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente.*

*De conformidade co anterior, o Plan Normativo Municipal debería incluír as ordenanzas ou regulamentos que serán obxecto de aprobación/modificación/derrogación no ano 2019.*

*Por todo o anterior, a través da presente, proponse a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.** *Prestar aprobación ao Plan Anual Normativo do Concello de Frades para o exercicio 2.019, segundo o preceptuado en artigo 132 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, e cuxo contido é o seguinte:*

#### **PLAN ANUAL NORMATIVO MUNICIPAL**

**Regra 1.** *No exercicio da potestade regulamentaria, o Concello de Frades actuará de acordo cos principios de necesidade, eficacia, seguridade xurídica, proporcionalidade, transparencia e eficiencia.*

**I.a. Principio de necesidade e eficacia.** *En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

Neste ámbito, os distintos Servizos e Departamentos do Concello de Frades á hora de elaborar os borradores dos textos normativos, deberán atender especialmente ás competencias municipais recolleitas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**I.b. Principio de proporcionalidade.** En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a Regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que imponhan menos obrigacións aos destinatarios.

Xa que logo, os Servizos e Departamentos responsables da elaboración dos textos normativos, deberán ter presente sempre o obxectivo de alcanzar unha regulación mínima e abordar de forma directa e clara as cuestións que na práctica susciten maiores problemas de aplicación.

**I.c. Principio de seguridade xurídica.** A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exercerase de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predecible, integrado, claro e de certidume, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

Terase presente que as ordenanzas e regulamentos constitúen, en atención ao artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, instrumentos de intervención na actividade dos cidadáns, instrumentos, xa que logo de natureza próxima á das licenzas, ordes e, en definitiva, medios de intervención e, por ese motivo, axustaranse en todo caso aos principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade co obxectivo que se persegue, sendo clásico (artigo 6 do Regulamento de Servizos das entidades locais de 17 de xuño de 1955), o apotegma segundo o cal si foren varios os medios admisibles, elixirase sempre o menos restritivo da liberdade individual.

O principio de seguridade xurídica está intimamente conectado cos conceptos de coherencia normativa e de congruencia cos motivos e fins xustificadores. Deste xeito, as iniciativas normativas deberán partir dun previo estudo e análise da Regulación xa existente e principalmente a Regulación municipal que pode conterse non só en Regulamentos e Ordenanzas senón tamén noutros instrumentos legais que habilitan para o desenvolvemento dunha certa potestade regulatoria, tales como, as Bases de Execución de orzamentos previstas en artigo 165 do Real Decreto Lexislativa 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En ocasións, a citada análise conducirá ben á derogación da norma anterior, e noutras ocasións será preferible a refundición nunha soa norma. Ata pode suscitarse o mantemento de varias normas a condición de que o contido sexa coherente e congruente cos fins. En definitiva, todos estes aspectos deben ser analizados antes de outorgar redacción definitiva aos textos normativos que se elaboren e aproben.

A seguridade xurídica está estreitamente vinculada coas opcións de técnica normativa, tales como a redacción das normas, a unidade e coherencia do ordenamento xurídico e a calidade,





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

*na medida en que os cidadáns que han de cumprir as leis deben poder coñecer con certeza os seus mandatos, sen dobres interpretacións ou normas contrapostas ou escuras. Nesta materia igualmente poden ser utilizadas as directrices de técnica normativa aprobadas polas diversas Administracións Públicas e entre as que se atopan as directrices aprobadas polo Consello de Ministros de 22 de xullo de 2.005, publicadas en BOE de 29 de xullo.*

***I.d. Principio de transparencia.*** *En aplicación do principio de transparencia, o Concello posibilitará o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirá claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos; e posibilitará que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas.*

*O Concello, xa que logo, deberá posibilitar un acceso sinxelo, universal e actualizado ás normas e regulamentos, procedendo á publicación non soamente nos boletíns oficiais, senón tamén no denominado portal de transparencia, tanto o texto inicial, que sexa obxecto de debate e, no seu caso acordo, como o texto que finalmente resulte aprobado como consecuencia da tramitación normativa.*

***I.e. Principio de eficiencia.*** *En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.*

*Cando a iniciativa normativa afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberanse cuantificar e valorar os seus repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

***Regra II.*** *As Ordenanzas e Regulamentos de nova redacción que sexan elaborados polo Concello, deberán conter unha exposición de motivos ou preámbulo no que quede xustifico debidamente a adecuación de devandita norma aos principios de boa Regulación transcritos na Regra anterior.*

***Regra III.*** *De forma xeral as iniciativas normativas municipais deberán incorporar un informe xurídico no que se valore, entre outros aspectos, a incidencia da nova iniciativa na normativa vixente, a análise técnica lexislativo da norma así como a análise xurídica do contido da mesma, confrontando o texto co conxunto do ordenamento, cos principios constitucionais e, en aplicación da necesaria coherencia, co resto de normas locais municipais (art. 3.3.d.1º Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se Regra o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional).*

***Regra IV.*** *En aras ao cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 129 de lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberá terse sempre presente o principio de calidade da norma e para a súa efectividade poderanse ter en conta as seguintes instrucións:*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

- O texto normativo debe ser elaborado en forma clara, sinxela, precisa e coherente. Ha de ser por iso de fácil comprensión sen incorporar elementos superfluos nin contraditorios.

- Así mesmo o contido da norma deberá ser homoxéneo sen incluír cuestións diversas ou diferentes ou que en definitiva escapen ao seu obxecto material.

- Na estrutura do texto normativo considérase conveniente a utilización de directrices de técnica normativa tales como a aprobada polo Consello de Ministros de 22 de xullo de 2005, BOE 29 de xullo, así como directrices aprobadas en distintas Comunidades Autónomas ou as directrices relativas á calidade da redacción da lexislación comunitaria aprobadas por Resolución de 8 de xuño de 1993 (Guía Práctica común dirixida ás persoas que contribúen á redacción dos textos lexislativos no seo das instrucións comunitarias), entre outras.

**Regra V.** Unha vez aprobada inicialmente a norma, o texto íntegro do acordo deberá ser obxecto de publicación en portal de transparencia, de conformidade co art. 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, sen prexuízo das publicacións preceptivas, segundo a lexislación de bases do réxime local.

**Regra VI.** O Concello revisará anualmente a súa normativa vixente para adaptala aos principios de boa regulación e para comprobar a medida en que as normas conseguiron os obxectivos previstos e comprobar así mesmo a cuantificación de custos e cargas, no seu caso. Dita revisión plasmarase nun informe que se fará público no primeiro semestre do exercicio posterior ao ano ao que se refira e que reflectirá o grado de cumprimento do Plan Anual Normativo, as iniciativas adoptadas que non estaban inicialmente incluídas no citado Plan así como a incluída en anteriores informes de avaliación con obxectivos plurianuais que produzan polo menos parte dos seus efectos no ano que se avalía. Incluiranse no mesmo as conclusións da análise da aplicación das normas, así como valoración da consecución dos fins pretendidos, eficiencia e sustentabilidade da disposición correspondente.

O informe poderá conter recomendacións específicas de modificación e, no seu caso, derogación das normas avaliadas, cando así o aconsellase o resultado da análise. A súa aprobación corresponderá ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa competente.

**Regra VII.** Os Regulamentos e Ordenanzas que esixen aprobación, modificación ou actualización ou que deban ser obxecto de derogación e polas razóns que igualmente apúntanse son os seguintes:

### **i.- NOVA APROBACIÓN**

**Regulamento de organización e funcionamento da Biblioteca Municipal e aula de informática:** Aprobación dun regulamento que estableza as condicións de utilización do servizo de Biblioteca Municipal e a aula de informática.

**Regulamento de funcionamento e réxime de utilización da piscina municipal:** Aprobación dun regulamento que estableza as condicións de utilización da piscina municipal.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

**Ordenanza reguladora da publicidade nos espazos municipais:** Aprobación dunha ordenanza que regule e estableza as condición de utilización dos espazos municipais para a realización de publicidade. Xunto coa súa ordenanza fiscal correspondente

**Ordenanza reguladora da taxa ás empresas eléctricas e de gas polas instalacións que atravesan o dominio público local.**

**Ordenanza reguladora das situacións de emerxencia social.**

### **ii.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS E REGULAMENTOS VIXENTES**

**Modificación da ORDENANZA MUNICIPAL PARA LA REGULACIÓN DE LA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.**

**Modificación do Regulamento municipal de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Frades.**

**Modificación da ORDENANZA HONORES E DISTINCIÓNS CONCELLO DE FRADES.**

**Modificación do REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DEL CONCELLO FRADES.**

**Modificación do REGULAMENTO MUNICIPAL DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA.**

**Modificación REGULAMENTO DE VERTEDURAS A REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE FRADES.**

**Modificación da ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA ENSINO.**

**Modificación da ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DO EXCMO. CONCELLO DE FRADES.**

**Modificación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE PLANTACIÓNS FORESTAIS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA.**

**Modificación da Ordenanza reguladora da expedición de tarxetas de estacionamento para persoas minusválidas.**

**Modificación da Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria do concello de Frades.**

**Modificacións de ordenanzas fiscais de tributos municipais a efectos da súa adaptación á normativa vixente, contratos administrativos en vigor e política de ingresos que se determine para o exercicio 2019-2020.**



## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- **FRADES** (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

*Na regulación das Ordenanzas e os Regulamentos anteriores deberase efectuar unha adecuada ponderación do principio de eficiencia de forma que ditas iniciativas normativas racionalizar os procesos e reduzan ou eviten as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, consagrando plenamente os dereitos das persoas nas súas relacións co Concello e principalmente os dereitos de acceso a información pública, arquivos e rexistros, asistencia no uso de medios electrónicos ou comunicación electrónica.*

### **iii.- DERROGACIÓN DE ORDENANZAS E REGULAMENTOS**

*Non se prevé a derogación de ningunha ordenanza municipal.*

**Regra VIII.** *Cando se eleve para a súa aprobación polo Pleno da Corporación unha proposta normativa que non figurei no presente Plan Anual Normativo será necesario xustificar este feito ben na memoria ou proposta xustificativa ou ben no informe xurídico que se acompañe, todo iso, de conformidade co artigo 25.3 da Lei, 50/1997, de 27 de novembro.*

**SEGUNDO:** *Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Frades, no Portal de Transparencia e comunicar o mesmo aos distintos Servizos do Concello para coñecemento xeral.*

*Frades, 14 de decembro de 2018*

O Alcalde  
Roberto Rey Martínez

No informe emitido pola Secretaria-Interventora o 14 de decembro de 2018, faise constar que “ *El Plan Anual Normativo se regula tanto en el art. 132 de la Ley 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (“1. Anualmente, las Administraciones Públicas harán público un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente. 2. Una vez aprobado, el Plan Anual Normativo se publicará en el Portal de la Transparencia de la Administración Pública correspondiente”), como en el art. 25 de la Ley del Gobierno (según la modificación introducida por la Disposición Final Tercera de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público) y ha sido desarrollado reglamentariamente por el Real Decreto 286/2017, de 24 de marzo, por el que se regulan el Plan Anual Normativo y el Informe Anual de Evaluación Normativa de la Administración General del Estado y se crea la Junta de Planificación y Evaluación Normativa.*

*En el art. 2 de este RD 286/2017 que regula el Plan Anual Normativo de la Administración General del Estado nos dice que “El Plan Anual Normativo de la Administración General del Estado está constituido por las iniciativas legislativas o reglamentarias que los distintos departamentos ministeriales prevean elevar cada año natural al Consejo de Ministros para su aprobación”*

*El órgano competente para su aprobación es el Pleno de la Corporación (art. 22.2 e Ley de Bases de Régimen Local)”*





## Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- **FRADES** (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

O Sr. Alcalde di que o Plan normativo establece as ordenanzas susceptibles de ser modificadas ou creadas durante o 2019.

**Sométese a votación a proposta da Alcaldía, que é APROBADA, por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes.**

### **PUNTO QUINTO.- BONIFICACIONES DO IBI.-**

Consta proposta da Alcaldía que seguidamente se transcribe:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 14/12/18 SOBRE A MODIFICACIÓN NAS BONIFICACIÓN DO IBI.**

*Vista a Ordenanza Fiscal do Imposto de Bens Inmóbles (BOP nº 232; 05/12/2018), concretamente o seu artigo 9 que regula as bonificacións de aplicación.*

*Vistas as solicitudes presentadas no concello no ano 2018 para beneficiarse da bonificación antes mencionada.*

*Visto o informe dos servizos técnicos de data 14 de decembro de 2018 no que se informa favorablemente as incorporacións dos bens inmóbles que figuran no anexo do mesmo que son os seguintes:*

#### **INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS**

*Mónica García Soage, en calidade de Arquitecto Municipal do Concello de Frades, en A Coruña, e en relación á Ordenanza Fiscal do Imposto de Bens Inmóbles (BOP nº 232; 05/12/2018), no seu artigo 9º sobre bonificacións, e unha vez revisadas as solicitudes presentadas no Concello durante o ano 2018, emite o seguinte:*

#### **INFORME**





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

### 1. ANTECEDENTES.

**PRIMEIRO.-** Segundo o punto 1 do artigo 9 da ordenanza, serán obxecto dunha bonificación do 95 % da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenrolen total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

**SEGUNDO.-** A bonificación do imposto de bens inmobles solicitada neste ano 2018, terá efecto no período impositivo do ano 2019, e en ningún caso terá carácter retroactivo.

**TERCEIRO.-** As solicitudes presentadas estiveron acompañadas da seguinte documentación:

- Impreso de solicitude, asinada pola persoa titular da explotación gandeira ou agraria ou polo representante da sociedade destinada a actividade gandeira ou agraria.
- Copia do DNI da persoa solicitante e CIF da sociedade (de ser o caso).
- Certificado de non ter débedas con Facenda nin coa Seguridade Social, ou autorización asinada para realizar a consulta dende os servizos técnicos.
- Acreditación da titularidade catastral do ben inmueble ou documento que acredite a relación entre o titular catastral e a persoa ou sociedade que realiza a actividade gandeira ou agraria, no caso de non ser a mesma (testamento, arrendamento ou cesión).
- Copia do DNI do titular catastral.
- Folla de saneamento. Se non se dispón dela, libro de explotación.

**CUARTO.-** Asemade, polos servizos técnicos municipais, comprobouse que todos os solicitantes están inscritos na base do REGA.

**QUINTO.-** Unha vez revisadas todas as solicitudes, queda reflectido como ANEXO ao informe, o listado coas modificacións respecto á pasada convocatoria (incorporacións e baixas, se as houbera), co nome e nº de DNI do titular catastral e a referencia catastral correspondente.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesgal

### 2. CONCLUSIÓNS.

**PRIMEIRO.-** En conclusión ao exposto nos puntos anteriores, infórmase favorablemente incorporacións ou modificacións dos bens inmobles que se indican no anexo do presente informe.

E para que sirva ós efectos oportunos, expido o presente **INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS.**

Frades, 14 de decembro de 2016

Asdo: Mónica García Soage

#### ANEXO INCORPORACIÓN NA BONIFICACIÓN DO IBI AGRARIO 2019 (RESPECTO AO ANO 2018)

MENDEZ SANCHEZ JOSE MARIA [HEREDEROS DE]	34.892.993-S	15039B503001920000AD
SANCHEZ REGUEIRA MANUEL	32.406.666-B	15039A504001860000JQ
FERREIRO GÓMEZ CONSTANTITO	32.312.924-V	15039A504000230000JY
GANDEIRIA UZAL S.A.T. N. XUGA	V-15.853.229	15039A502002670000JL
UZAL LOPEZ CANDIDO	32.219.880-P	15039A502002680000JT
VILARIÑO MELLA MARIA	76.337.621-T	15039A507000200000JQ
GARCIA MAROÑO MANUEL	32.389.547-G	15039A502006790000JQ

Por todo o anterior, a través da presente, proponse a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a incorporación dos bens inmobles antes transcritos e que figuran no informe técnico a fin de que se beneficien da bonificación do 95% da cota íntegra do Imposto de Bens Inmobles no período impositivo do ano 2019, de conformidade co artigo 9 da Ordenanza Fiscal do Imposto de Bens Inmobles (BOP nº 232; 05/12/2018).

En Frades, 14 de decembro de 2018

Fdo. O Alcalde.

O Sr. Alcalde Roberto Rey Martínez di que gracias a bonificación que aprobamos, o Concello deixará de ingresar 18,465 46 euros, que permanecerán nos bolsillos dos ganadeiros.

Sométese a votación a proposta da Alcaldía, que é **APROBADA**, por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes.



## **Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)*

*Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal*

### **PUNTO SEXTO.- DAR CONTA DA MODIFICACION DO PROXECTO TECNICO “ACONDICIONAMENTO DO PAVILLON DE PONTECARREIRA”.-**

O Sr. Alcalde di que se realiza a modificación con subvención nominativa da Deputación provincial. Un proxecto que inclúe a substitución dos pavimentos dos centros deportivos e a colocación de elementos de seguridade e que tén un orzamento de 72.532,69 euros, dos cales a Deputación proporcionará 58.026,15 euros e o Concello de Frades os 14.506,54 euros restantes. Engade que esta é a única subvencion nominativa para o concello de Frades nestes catro anos.

**O Pleno queda enterado.**

### **PUNTO SETIMO.- MOCIONS.-**

**Non se presentan.**

### **OITAVO.- INFORMES DE ALCALDIA.-**

O Alcalde- Presidente informa do convenio de subvención de Turismo, obra de mellora da sinalización turística no Concello de Frades (39.766,86 euros) e do Fondo de compensación ambiental, subvención de 57.600 euros.

Toma a palabra a Secretaria-Interventora do Concello para dicir que se elaboraron e remitiron pola Secretaría telemáticamente ao Minhap o custe efectivo dos servizos da entidade local , así como tamén a execución trimestral do orzamento terceiro trimestre 2018, remitida ao Minhap o 26 de outubro de 2018, dos cales dase conta ao Pleno.

### **NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS-**

O voceiro do BNG, Xosé María Pérez, pregunta se o persoal contratado polo Concello, laboral ou



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesgal

non laboral, cumpre as normas esixidas por lei, e se as seleccións do persoal laboral cumpren os principios de igualdade, mérito e capacidade. Imaxínate que queres contratar un ATS e me contratas a min, que non teño a titulación.

O Sr. Alcalde contesta que cando se contrata fanse unhas bases e cando son subvencionados pola Xunta ou Deputación xa nos marcan os criterios a seguir para elaboralas, coma no caso dos peóns forestais. Sobre a titulación, Mónica é Arquitecta. Nos Últimos anos non se contratou a ninguén salvo con subvencións da Deputación ou Xunta e todos os candidatos a estas prazas teñen que estar anotados no INEM.

O Concelleiro do BNG di que ata o día sete estiven apuntado na oficina de emprego, no INEM.

O voceiro do BNG, Xosé María Pérez, pregunta polo concurso de tapas, respostando o Sr. Alcalde que só participarían dous bares, polo que non se fará.

.....

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as quince e vinte horas, o Sr. Presidente levanta a sesión, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretaria, dou fé.

Vº Bº O Alcalde

Secretaria

Roberto Rey Martínez

Maria Chao Carballeira